



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 6 DE FEBREIRO DE 2014**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE  
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ  
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ  
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ  
D. FERNANDO VILAR DÍAZ  
D.<sup>a</sup> DELIA PAZ ARDAO

### **SECRETARIO:**

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día seis de febreiro de dous mil catorce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpan a asistencia sesión D.<sup>a</sup> Olga María Blanco Teijeiro e D. Marcos Rodríguez Calvo.

## **1. LECTURA E APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE DECEMBRO DE 2013**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data 28 de decembro de dous mil trece.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **2.EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do expediente de modificación de créditos número 1/2014 que contén suplementos de crédito por importes de 12.135,37€ e 18.963,04€ na partida orzamentaria 2014.171.68900, que corresponden a subvencións outorgadas no derradeiro mes de decembro de 2013 pola Dirección Xeral de Conservación da natureza da Consellería de Medio ambiente, territorio e infraestruturas; o mencionado asunto foi informado favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o día 3 de febreiro de 2014.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que se vota en falla un proxecto de turismo integral para A Capela a 5 ou 6 anos e que debería debatirse esta programación en conxunto de todos os grupos políticos municipais. Dí que o seu grupo municipal está co turismo ao 100% e que lle gustaría que cando presentan propostas neste eído sexan apoiadas as iniciativas do Partido Popular polo equipo de goberno.

Polo voceiro do Grupo de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, remítese ao xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o día 3 de febreiro de 2014.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, remítese ao xa manifestado na derradeira comisión informativa de asuntos do pleno e móstrase de acordo co manifestado polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. José Seco Fernández, no sentido de que se debería de facer un Plan de turismo. Remata a súa intervención solicitándolle ao Sr. Alcalde que a empresa que execute os traballos de sinalización das rutas o faga axustándose aos prazos.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que o diñeiro doutras administracións chega cando chega e se houbera diñeiro dispoñible podería facer un plan, non obstante móstrase disposto a discutir en conxunto con todos os grupos políticos municipais este asunto.

Toma de novo a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para suliñar de que máis que nada trátase de ter unha idea xeral do que se quere facer en materia de turismo, dí que a idea central e máis próxima sería a comunicación dos camiños novo e vello de Caaveiro e que os

turistas que acudan ao Parque das Fragas teñan necesariamente entrar ou ben saír pola Capela, o que se trata e de poñer en valor o noso, e non se trata só de Caaveiro senón que existen outros recursos naturais como o Forgoselo e o río Belelle.

Remata o debate deste asunto coa intervención do Sr. Alcalde-Presidente sinalando que é intención do equipo de goberno enlazar o máis axiña posible o camiño novo co camiño vello de Caaveiro, para que a xente poida entrar ou saír ao parque das Fragas e a Caaveiro pola Capela.

Sometido a votación o presente asunto, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º . Aprobar o expediente de modificación de créditos 1/2014 debendo aplicarse os suplementos de crédito, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNAC. INICIAL	SUPLEMENT. CON NOVOS INGRESOS	TRANSF. NEGAT.	TRAN SF. POSIT.	TOTAL CONSIG. RESULT.
I GASTOS PERSOAL	328.666,19€				328.666,19€
II GASTOS BENS CORRENTES	558.815,40€				558.815,40€
III. GTOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IV TRANSF. CORRENTES	21.000,00€				21.000,00€
VI INVESTIMENTOS REAIS	251.018,41€	31.098,41€			282.116,82€
VII TRANSF. DE CAPITAL	0,00€				0,00€
VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
TOTAL	1.159.500,00€	31.098,41€			1.190.598,41 €

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

### **3. INFORME DE EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DO ORZAMENTO 2013. DAR CONTA.**

A petición do Sr. Alcalde-Presidente polo Secretario - interventor dáse conta ao Pleno da corporación, de que en data vinte e oito de xaneiro cumpriuse a obriga trimestral de subministro de información das entidades locais correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2013, en cumprimento da orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro que desenrola as obrigas de subministro de información prevista na Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Dos datos enviados ao Ministerio de Facenda dedúcese que no 4º trimestre do exercicio orzamentario 2013, o concello da Capela cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria cun superávit de 80. 039,26€, cumpre o obxectivo da regra de gasto e o nivel de débeda viva é 0,00€.

O pleno da Corporación queda enterado. E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas quince minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

Manuel Mézoso López

**O Secretario,**

José A. Mézoso Paz